



D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS, SECRETARIO ACCIDENTAL DO CONSORCIO PARA O SERVIZO CONTRAINCENDIOS E SALVAMENTO DAS COMARCAS DE DEZA E TABEIRÓS-TERRA DE MONTES (Pontevedra).-----

CERTIFICO:

Que, segundo consta en acta e a salvo dos termos de aprobación definitiva do mesmo, artigo 206 do ROF, na sesión extraordinaria do Pleno do Consorcio para o Servizo Contraincendios e Salvamento das comarcas do Deza e Tabeirós-Terra de Montes do día 21 de outubro de 2024, adoptouse, entre outros, o seguinte acordo:

2.- EXPEDIENTE DOS ORZAMENTOS XERAIS DESTE CONSORCIO PARA O EXERCICIO 2024.-

O Sr. Presidente, **D. Alejandro Lorenzo Alonso**, deu conta aos membros do Pleno deste expediente.

O Sr. Interventor Accidental **D. Daniel Rodríguez Espiño** explicou brevemente os Estado de Gastos e de Ingresos do documento, xunto cos cambios introducidos en relación co exercicio anterior e as previsións recollidas no mesmo.

Tras deliberación dos asistentes, por **UNANIMIDADE (cinco membros do número legal e de feito)** dos asistentes mediante votación ordinaria a man alzada, aprobouse a proposta inicial da Presidencia e acordouse:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente dos orzamentos Xerais deste Consorcio para o Servicio Contraincendios e Salvamento das Comarcas de Deza e Tabeirós-Terra de Montes para o exercicio 2025, xunto cos documentos que forman parte do mesmo e ascende tanto no Estado de Ingresos coma no Estado de Gastos ao importe un millón douscentos cincuenta e sete mil catrocentos trinta e seis euros (1.257.436,00 €).

SEGUNDO.- Remitir o presente acordo e o expediente á Deputación Provincial de Pontevedra para a tramitación do mesmo, con exposición ao público, inserción no BOP e demais trámites preceptos conforme á normativa vixente.

E, para que conste e surta todos os efectos legais oportunos, expido o presente en Silleda a día 22 de outubro de 2024.

Visto e prace

O Presidente.
Asdo.: Alejandro Lorenzo Alonso



O Secretario Xeral

Asdo.: César López Arribas

